



SESION ORDINARIA DE 27 DE MAIO DE 2025

(Acta número 05)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres/as Deputados/as:

D. Efrén Castro Caloto
D^a. María del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Daniel García Fernández
D. Antonio Ameijide Osorio
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Angel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Iria Castro Fernández
D. Carlos López López
D. Javier Varela Pérez
D^a. María Sol Morandeira Morandeira
D. Francisco Cajoto Caserío
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. José María Fernández Vázquez
D. Clemente Iglesias González
D. Luis Fernández Guitián
D^a. María del Carmen López Moreno
D. Héctor Manuel Corujo González

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e sete de maio de dous mil vinte e cinco**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para este efecto.

Actúa de secretario o titular da Corporación D. José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o señor Deputado D. Armando Castosa Alvaríño.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Página	1/24	

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de abril de dous mil vinte e cinco, e, ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=1>

PARTE RESOLUTIVA

2.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA VÍA PROVINCIAL LU-P-1808 A FAVOR DO CONCELLO DE CHANTADA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que di o seguinte:

“Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

O alcalde Concello de Chantada presenta no rexistro provincial o 17.06.24 solicitude de cesión de vial de titularidade provincial a favor do seu Concello denominado LU-P 1808 “N-540A -Quinteliña” e cunha lonxitude de 375,00 m.

Xustifica a solicitude en que o tratarse dun tramo que discorre interiormente polo lugar de Quinteliña, perto da vila de Chantada, pertencente á parroquia de San Salvador de Asma deste Municipio.

Dito núcleo esta delimitado pola Ordenanza nº 7 do PXOU de Chantada, delimitación aprobada pola Comisión Provincial de Urbanismo de Lugo do día 31 de marzo de 1993, e clasificada como solo urbano no medio rural.

Baixo o CSV IV7SXTKOME5SR3ZP6E4H6RBQB4 o Servizo Provincial de Vías e Obras informa o 13.03.25 que da documentación aportada polo Concello identifícase a estrada provincial antes mencionada, e que se desenvolve completamente no seu termo municipal. De acordo co Catálogo da Rede Viaria Provincial e conta cunha lonxitude de 375,00 m e presenta un firme de tratamentos superficiais, iniciase na estrada N-540A, non contando con beirarrúas e sí con bermas. O estado xeral da estrada é aceptable.

Tendo en conta que a lexislación sectorial está presidida pola Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e polo Regulamento xeral de estradas de Galicia

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Página	2/24	



aprobado por Decreto 66/2016 do 26 de maio coa modificación contida no Decreto 51/2023 de 11 de mayo.

Tendo en conta que o cambio de titularidade poderá comprender estradas ou tramos de éstas que se realizará conforme o teor do artigo 9.4 da citada Lei: *“Los cambios de titularidad de carreteras o de tramos de éstas, cuando no se trate de travesías urbanas o tramos de éstas que estén incluidos en el inventario de travesías de su administración titular, deberán ser aprobados por decreto de la Xunta de Galicia, a propuesta de la consejería competente en materia de carreteras y previo acuerdo entre las administraciones afectadas”.*

Ademais o seu número 6 dispón que *“Las resoluciones o los decretos por los que se aprueben los cambios de titularidad de las carreteras objeto de esta ley deberán ser publicados en el Diario Oficial de Galicia y serán efectivos al día siguiente de su publicación en aquél.”*

Así mesmo, e en relación ao procedemento para o cambio de titularidade das estradas, o Decreto 66/2016 de 26 de maio do Regulamento xeral de estradas de Galicia esixe no seu artigo 18.11: *“Los cambios de titularidad de tramos de carreteras a favor de administraciones de menor ámbito territorial solo se llevarán a cabo cuando se trate de tramos terminales o cuando no impliquen la interrupción de ninguno de los itinerarios de los que forme parte sin que exista una alternativa viaria, existente o planificada, para todos ellos, que proporcione un nivel de servicio al menos equivalente.”*

Consta no expediente o citado informe favorable do Servizo de Vías e Obras concordado polo Deputado Delegado do Servizo de Vías e Obras de data 13.03.25 que, acompañado da súa planimetría, conclúe este Servizo de Vías e Obras considera que *a estrada LU-P-1808, comprendida entre as coordenadas UTM29 ETRS89 X=600707 Y=4117702 e X=600688 Y=4717443, que discorre íntegramente polo termo municipal de Chantada é susceptible de cesión de titularidade.*

É polo que este Servizo de Vías e Obras informa favorablemente o cambio de titularidade ao Concello de Chantada da estrada provincial LU-P-1808 “N-540A - Quinteliña”, de lonxitude total 375,00 m.

Baixo o CSV IV7S2WXYFDZMVH6YUU4DFYDCAY consta no expediente informe favorable da Secretaría Xeral de 14.05.25 o presente procedemento relativo á solicitude de cambio de titularidade da estrada provincial mencionada a favor do Concello solicitante que conta coa conformidade da Intervención segundo o contido dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Página	3/24	


establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

Terase en conta que por imperativo legal, contido no nº 4 do artigo 9 da referida Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o pretendido cambio de titularidade aprobarase por Decreto da Xunta de Galicia previo acordo das administracións afectadas, a cuxos efectos darase conta do acordo plenario provincial ao Concello interesado para a súa aceptación, se procedese. Os citados acordos remitiranse á Consellería competente en materia de estradas para a súa proposta de aprobación. A resolución ou decreto polo que se aprobe o cambio de titularidade das estradas deberán ser publicados no DOG e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación (nº 6 do citado artigo 9).

Unha vez aprobado o cambio de titularidade formalizarase mediante acta de entrega subscrita entre as administracións interesadas segundo a esixencia expresada no artigo 18 números 6, 7 e 8 do Decreto 66/2016 do Regulamento xeral de estradas de Galicia.

De conformidade ao exposto e en aplicación do nº 23 do artigo 57 do noso Regulamento Orgánico propónse ao PLENO:

Primeiro. Aprobar o cambio de titularidade a favor do concello de Chantada da estrada provincial LU-P-1808 “N-540A - Quinteliña”, de lonxitude total 375,00 m. e que se corresponde coa seguinte representación gráfica:



	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	4/24	



Segundo. Remitir este acordo ao Concello de Chantada para a súa aceptación polo Pleno Municipal.

Terceiro. Someter á aprobación da Xunta de Galicia o cambio de titularidad do referido tramo de estrada provincial”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=2>

--oo0oo--

3.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA QUE ASUMA NO MARCO DO SEU COMPROMISO DE DESENVOLVER 24 NOVAS RESIDENCIAS, AQUELES CENTROS DE MAIORES QUE A DEPUTACIÓN TEN COMPROMETIDOS E QUE SE ESTÁN A TRAMITAR PERO AÍND A NON ESTÁN CONSTRÚIDOS

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta de goberno indicada no epígrafe, que di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e a Deputada Provincial Dona Iria Castro Fernández, na súa condición de voceira do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de goberno para reclamar á Xunta de Galicia que asuma no marco do seu compromiso de desenvolver 24 novas residencias, aqueles centros de maiores que a Deputación ten comprometidos e que se están a tramitar pero aínda non están construídos

No pasado debate sobre o estado da Autonomía, o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou a intención do goberno autonómico de construír 24 residencias de maiores. Esta é sen dúbida unha boa noticia, que esperamos que pase do habitual eido da propaganda ó terreo da realidade. Logo de case que 15 anos sen construír unha

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	5/24	

soa residencia pública para maiores, o goberno da Xunta lembra o artigo 27.23 do noso Estatuto de Autonomía que lle atribúe as competencias en asistencia social.

O anuncio é bo tamén porque o presidente da Xunta, de xeito implícito, aposta por seguir o modelo de residencias impulsado pola Deputación de Lugo. Centros de pequeno ou mediano tamaño, espallados pola xeografía galega, que permitan ós maiores pasar esa etapa na contorna na que pasaron toda a súa vida. Deste xeito se garante a calidade de vida dos maiores e se facilita a conciliación ás familias, evitando longos desprazamentos a centros masificados situados nas grandes capitais para ver ós familiares.

Ó longo dos últimos anos, a iniciativa dos gobernos progresistas da Deputación de Lugo, tanto nas etapas de José Ramón Gómez Besteiro e de Darío Campos, como na actual presidida por José Tomé Roca, viuse obrigada a desenvolver unha rede de residencias propias, ante a pasividade, a inacción e o desprezo que os sucesivos gobernos da Xunta amosaron polas necesidades dos nosos maiores. Cómpre lembrar que de xeito reiterado, os informes da *Asociación Estatal de Directivos y Gerentes de Servicios Sociales* calculan que Galicia ten un déficit dunhas 14.000 prazas de residencias de maiores. E que as cifras do IMSERSO sitúan a Galicia na cola de porcentaxe de prazas públicas en residencias de maiores, só un 41% cando a media española supera o 60%.

Froito desa acción de goberno, centrada nas necesidades dos maiores e nas demandas dos concellos, puxéronse en funcionamento as residencias provinciais da Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Pol, Trabada, Castroverde, Ribadeo, Meira, Navia de Suarna e Ribas de Sil. Centros que incorporaron máis de 300 prazas de residencia ó sistema público, mentres a Xunta de Galicia non incorporaba ningunha. O desprezo dos gobernos do presidente Feijoo quedou manifestado de xeito explícito cando en plena pandemia da Covid non tivo nen a elegancia de contestar á carta remitida polo Presidente da Deputación ofrecendo á Xunta as prazas de maiores dispoñibles daquela nos nosos centros.

Parece que o presidente Rueda quere emendar os erros do seu antecesor. Esperemos que sexa certo, porque os lucenses estamos por desgraza afeitos á propaganda. Ós carteis que anuncian obras durante as campañas electorais e logo desaparecen durante catro anos. Pero facendo un voto de confianza nas boas intencións, e dende o compromiso que a Deputación de Lugo ten co benestar dos nosos maiores, sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno para que a Deputación Provincial de Lugo reclame á Xunta de Galicia:

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	6/24	



- En cumprimento do que recolle o Estatuto de Autonomía e tamén a Lei de Servizos Sociais que establece que ditos servizos sociais son competencia exclusiva da Xunta de Galicia, que esta asuma as súas competencias.
- Que das 24 residencias prometidas polo Presidente Rueda, Lugo reciba como mínimo a parte proporcional de 6 residencias, acordando a súa ubicación a través do diálogo coa Deputación para atopar os concellos máis axeitados e onde poidan prestar un mellor servizo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva a ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=3>

4.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA RECLAMANDO Á XUNTA DE GALICIA AS MEDIDAS NECESARIAS PARA GARANTIR A ATENCIÓN NO EIDO DA SAÚDE MENTAL.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do grupo provincial socialista reclamando á Xunta de Galicia as medidas necesarias para garantir a atención no eido da saúde mental.

No seu discurso de investidura, o presidente Alfonso Rueda adicou unha atención especial ás necesidades sanitarias no eido da saúde mental. Daquela comprometeuse a dotar de psicólogos ós Centros de Saúde e a traballar para reducir o consumo de

	IV7SEKICGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKICGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	7/24	

psicofármacos. Desgraciadamente, os datos oficiais do Sergas sobre listas de espera, e a avaliación do Consello de Contas sobre o desenvolvemento do Plan de Saúde Mental de Galicia, revelan a distancia entre o prometido e o executado.

No eido dos investimentos, as cifras son redondas, con 50M€ que o PP non adicou a contratación de persoal, desenvolvemento de programas ou accións de mellora no eido da saúde mental. E contundentes son tamén as cifras cando falamos de listas de espera. A data de decembro de 2024, en Galicia había 9.390 doentes agardando por unha primeira consulta, cunha espera media de 87 días. Cumpre lembrar que en 2019, antes da Covid, a espera media era de 43 días. E sinalar tamén que o consumo de antidepresivos ou ansiolíticos medrou un 52% entre os menores de 19 anos.

No que afecta de xeito específico a Lugo, sinalar que hai 1.000 lucenses que levan máis de seis meses esperando por unha cita co psicólogo ou o psiquiatra. A nosa provincia reúne os 2/3 dos pacientes de longa espera de toda Galicia. E cunha elevada taxa de suicidio – 16 casos por 100.000 habitantes - apenas conta con tres centros de atención de saúde mental, en Lugo, Monforte e Burela.

O informe do Consello de Contas, que o presidente Rueda reconece ignorar, recolle que no período 2020/2024 en Lugo o Sergas incorporou en total 6 psiquiatras e 4 psicólogos. Unha cifra que resulta a todas luces insuficiente para facer fronte a retos como o impacto da pandemia na saúde mental, as patoloxías mentais asociadas ó envellecemento da poboación ou os novos problemas da mocidade.

Dende o Grupo Socialista, temos que alzar unha vez máis a voz para sinalar as eivas da política sanitaria do PP. Unha política que non reduce as listas de espera, senón que as incrementa, co evidente risco para a saúde da poboación. Por iso presentamos ante o Pleno da Deputación Provincial de Lugo para o seu debate e aprobación esta Moción para que a Xunta de Galicia:

- Garanta os investimentos comprometidos no Plan de Saúde Mental de Galicia
- Impulse as contratacións necesarias para dotar de psicólogos e persoal de apoio ós Centros de Saúde Mental
- Reduza as listas de espera no eido da Saúde Mental e abra unha liña de atención rápida, similar á existente en patoloxías como o cancro, para garantir a atención inmediata dos casos máis graves, especialmente os de risco potencial de suicidio
- Analice o informe do Consello de Contas e, de acordo cas suxestións dos profesionais, tome medidas inmediatas para resolver as eivas alí recollidas no que fai ó desenvolvemento do Plan de Saúde Mental de Galicia”.

	IV7SEKICGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKICGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Página	8/24





A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=4>

5.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG POLO MANTEMENTO DA MORATORIA DO EUCALIPTO ATA 2030.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A Deputada Provincial D. Iria Castro Fernández, na súa calidade de Voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial do BNG polo mantemento da moratoria do eucalipto ata 2030.

Exposición de Motivos:

Dende o Bloque Nacionalista Galego avoga por un monte multifuncional, xerar produtos de maior valor engadido, pechar o ciclo da madeira e recuperar terras agrarias ilegalmente forestadas, que toda a produción de madeiras sexa realmente un proxecto tractor da nosa economía.

Con esta moción defendemos o mantemento da actual moratoria do eucalipto como mínimo até 2030, tal e como fixo o veciño Portugal, para evitar que Galiza se converta nun eucaliptal ao servizo de macrocelulosas contaminantes.

As políticas do Goberno da Xunta de Galiza deixan que os intereses privados das macrocelulosas decidan que se planta, onde se planta e que se corta e cando se corta

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	9/24	

e, por iso, o control dos nosos montes está en mans de empresas como Ence ou como as portuguesas Altri e Navigator, polo que compre un xiro de 180 graos que permita parar a eucaliptización de Galiza antes de que sexa demasiado tarde.

O BNG propón a moratoria até o ano 2030, co obxectivo de preservar o territorio, contribuír a poñer en valor a cadea forestal galega e rematar cun modelo do PP, que xera graves desequilibrios medioambientais e en termos de xeración de riqueza e creación de emprego.

Xunto a esta medida que consideramos fundamental para frear a destrución do territorio, combater o cambio climático e evitar que os montes galegos se convertan nun espazo incontrolable de cara ao control e prevención dos incendios forestais, así como a recuperación gradual das terras agrarias ilegalmente forestadas, moitas delas con eucalipto, unha recuperación que debe estenderse tamén a espazos naturais, de protección de augas, patrimonio cultural, así como de infraestruturas e zonas de protección de costas.

Galiza representa neste momento o 50% de todas as cortas de madeira do Estado, mentres que tan só o 13% da facturación e do emprego, datos que indican que o Goberno da Xunta está fallando á hora de facer unha xestión eficaz e eficiente do monte.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo, e o seu traslado ao Goberno da XUNTA de Galiza, dos seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galiza a:

- manter e a aplicar a actual moratoria do eucalipto até o ano 2030.
- desenvolver un monte funcional desde unha perspectiva ecolóxica, social e produtiva, incluíndo as especies arbóreas autóctonas e as madeiras de calidade.
- apostar pola ciencia e a innovación, tanto para xerar produtos de maior valor engadido, como para solucionar parte dos problemas de sanidade vexetal que sofre neste momento o País.
- pechar o ciclo produtivo da madeira, con segundas e terceiras transformacións e apostando por produtos de alto valor engadido que permitan que toda a riqueza forestal galega quede en Galiza, xere moito máis emprego e contribúa a fixar poboación”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Página	10/24	



González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=5>

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA SOLICITAR Á XUNTA DE GALICIA A ACTIVACIÓN DAS MEDIDAS PROMETIDAS PARA OS/AS PRODUTORES/AS DA IXP FABA DE LOURENZÁ.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG indicada no epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial D^a. Iria Castro Fernández, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo (BNG) e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do BNG para solicitar á Xunta de Galicia a activación das medidas prometidas para os/as produtores/as da IXP faba de Lourenzá

Exposición de Motivos:

A Faba de Lourenzá, recoñecida pola súa calidade e incluída na Indicación Xeográfica Protexida (IXP), está a atravesar unha situación crítica neste 2025. Nos últimos anos, as produtoras e produtores veñen sufrindo perdas económicas severas, debido a múltiples factores que poñen en risco a viabilidade deste cultivo estratéxico para a Mariña Lucense.

A Faba de Lourenzá leva varias tempadas nas que os produtores teñen que enfrontarse a altos custos de produción sen a garantía dun prezo xusto. O aumento dos insumos, a necesidade de máis tratamentos fitosanitarios e a falta de apoios directos están a provocar que a actividade non sexa rendible.

	IV7SEKIGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKIGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Página	11/24	

A incerteza respecto á nova campaña fai que moitos produtores dubiden sobre continuar coa súa actividade. As condicións meteorolóxicas extremas, agravadas polo cambio climático, afectan directamente ao rendemento das colleitas. Episodios de choivas intensas, secas prolongadas e temperaturas inusuais están a alterar o ciclo do cultivo e a incrementar a incidencia de pragas e enfermidades. A borrasca "Kirk" en outubro de 2024 deixou preto do 90% da colleita sen recoller, o que reflicte a vulnerabilidade desta produción ante fenómenos meteorolóxicos adversos.

A situación demanda novas estratexias de adaptación ao cambio climático. A investigación en novas técnicas de cultivo e métodos de loita integrada contra pragas é fundamental para garantir a continuidade do sector. Tamén é preciso un asesoramento técnico específico para optimizar a aplicación de fitosanitarios e revisar os produtos dispoñibles no mercado para a protección deste cultivo.

O sector produtivo denuncia a escaseza de apoios directos por parte da Xunta de Galiza e a insuficiente cobertura da Política Agraria Común (PAC). A estrutura de axudas vixente non responde ás necesidades específicas do sector, deixando sen protección ás explotacións que dependen da faba como fonte principal de ingresos.

A Faba de Lourenzá non só representa unha fonte de ingresos para moitas familias da comarca da Mariña, senón que tamén é un elemento clave do patrimonio gastronómico galego. En consecuencia, para o BNG é imprescindible unha resposta desde o Goberno Galego que garanta a súa viabilidade e asegure a continuidade dun sector esencial para a economía local.

O pasado 14 de marzo a conselleira do Medio Rural, María José Gómez, anunciou en Ribadeo, nun encontro con alcaldes e representantes municipais, unha batería de medidas para paliar as graves perdas da IXP Faba de Lourenzá na última colleita.

Entre as mesmas figuraban a concesión dunha axuda directa de mínimos ás persoas produtoras inscritas na IXP que podería alcanzar os 2.000 €/ha, así como a apertura, no mes de abril, dun instrumento financeiro para dotar de liquidez ás persoas agricultoras e gandeiras galegas en xeral e, de xeito específico, para as da IXP Faba de Lourenzá, co fin de poder facer fronte á sementeira.

Porén, logo desta promesa, a Xunta de Galiza non activou absolutamente ningún procedemento para cumprir este compromiso. Estamos xa finalizando Maio e non hai convocatoria nin de axudas directas nin de instrumento financeiro.

Os anuncios que fixo a Consellería para o mes de abril non se cumpriron e a xente está tendo que asumir agora absolutamente todos os gastos da nova plantación, logo de ter perdido a práctica totalidade da última colleita.

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Página	12/24	



Existen produtores/as con dificultades para afrontar os custos de produción polo que tiveron que devolver algún pedido, como por exemplo de titores.

Por todo isto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG) somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Esixir á Xunta de Galiza que active canto antes as medidas comprometidas anunciadas, así como celeridade e dilixencia no desenvolvemento do traballo técnico preciso para axudar ás persoas produtoras no control das enfermidades que afectan ao cultivo.

2.- Reiterar á Consellería do Medio Rural a súa petición de incluír nestas axudas directas á totalidade de produtoras e produtores de faba, dado que tal e como foron plantexadas inicialmente deixarían fóra á maioría das mesmas, ao estaren dirixidas unicamente ás 19 explotacións agrarias de faba inscritas na IXP.

3.- Demandar da Xunta de Galiza un plan de apoio urxente máis ambicioso que o comprometido, para compensar as perdas nas colleitas dos últimos anos e facilitar a continuidade da produción.

4.- Instar á Xunta de Galiza para a creación de programas de formación en prácticas agrícolas máis resilientes ao cambio climático e na xestión de pragas e fitosanitarios, coa implicación de expertos no sector.

5.- Dotar de recursos necesarios e máis fondos ao Centro de Formación e Experimentación Agraria (CFEA) Pedro Murias de Ribadeo, para o desenvolvemento de solucións innovadoras que permitan mitigar os efectos das pragas e das condicións meteorolóxicas adversas.

6.- Demandar do Goberno do Estado o incremento dos recursos destinados á faba dentro da PAC, garantindo un financiamento máis acorde ás necesidades do sector e do FOGGA dependente da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galiza, para que implemente unha axuda asociada agroambiental por superficie de plantación de faba”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Angel Santos Sánchez, D. José Pardo Lombao e D. Clemente Iglesias González, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos/as señores/as Deputados/as do Grupo

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	13/24	

Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=6>

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA ESIXIR AO EQUIPO DE GOBERNO CUMPRIR O COMPROMISO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN DIURNA NOS CENTROS DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que di o seguinte:

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular a que se refire o epígrafe, a teor do seguinte texto:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial Popular para esixir ao equipo de goberno cumprir o compromiso de prestación do servizo de atención diurna nos Centros de atención a persoas maiores da Deputación Provincial.

Exposición de Motivos.

O Pleno da corporación provincial aprobou por unanimidade, na sesión ordinaria celebrada o 26 de outubro de 2010, a encomenda á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. (SUPLUSA) para a construción e xestión de Centros de Atención a persoas Maiores na nosa provincia.

En virtude da dita encomenda e de posteriores acordos da institución provincial e de varios concellos construíronse centros nos municipios de Trabada, Pol, Meira, Navia de Suarna, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, A Fonsagrada e Ribas de Sil.

Logo da súa inauguración -nalgún caso ata en dúas ocasións-, comezouse a prestar unicamente un dos dous servizos proxectados, anunciados e comprometidos nestes centros; o servizo de atención residencial. O certo é que dende a súa apertura nunca se prestou nos mesmos o servizo de atención diurna.

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	14/24	



Isto supón que estas infraestruturas construídas con recursos públicos leven anos infrautilizadas; xa que, se ben foron concibidos para acoller residencias e centros de día, a día de hoxe seguen sen prestar este último servizo.

E, como consecuencia disto, máis de 150 posibles usuarios e familias destes concellos onde radican estes 8 Centros de Atención a Maiores non contan co servizo de centro de día. Un servizo de conciliación como este para familias no coidado dos máis maiores é moi necesario nestes municipios, tal e como indicaba a propia Deputación Provincial cando os comprometeu.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a levar a cabo os trámites necesarios para:

1.- Poñer en marcha, durante o presente ano, o servizo de Centro de Día nos Centros de Atención a Maiores da Rede Provincial localizados nos concellos de Trabada, Pol, Meira, Navia de Suarna, Castroverde, Pedrafita do Cebreiro, A Fonsagrada e Ribas de Sil.

2.- Garantir que tanto nos centros provinciais construídos que aínda están pechados como nos que están en construción ou comprometidos se preste, dende a súa posta en funcionamento, tanto o servizo de atención residencial como o servizo de centro de día”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Pablo Rivera Capón, e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=7>

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	15/24	

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO A CUMPRIR O COMPROMISO DO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN D. JOSÉ TOMÉ EN MATERIA DE INVESTIMENTOS NO CONCELLO DE VIVEIRO POR VALOR DE 1 MILLÓN DE EUROS.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, a teor do seguinte texto.

“Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular indicada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial Popular para instar ao goberno da Deputación de Lugo a cumprir o compromiso do Presidente da Deputación D. José Tomé en materia de investimentos no concello de Viveiro por valor de 1 millón de euros.

Exposición de Motivos

Viveiro é a capital da comarca da Mariña occidental, o municipio máis poboado de toda A Mariña e o terceiro con máis residentes na provincia na Lugo -con 15.712 habitantes a 1 de xaneiro de 2024, segundo os datos do IGE-.

Viveiro concentra tamén importantes servizos para a comarca, conta co Porto de Celeiro – que xunto ao de Burela son dos máis importantes do Cantábrico- e con numerosos atractivos turísticos tanto naturais e paisaxísticos, como patrimoniais, culturais e históricos que se suman a importantes tradicións e recoñecementos nacionais e internacionais.

Durante as dúas últimas décadas, o desenvolvemento de Viveiro sufriu un estancamento e a situación económica actual do Concello é comprometida debido á xestión dos gobernos de PSOE e BNG nos últimos anos.

Somos coñecedores de que a Deputación de Lugo ten colaborado co Concello de Viveiro, incluso, para financiar gastos correntes. Tanto o propio Presidente do ente provincial coma o PSOE teñen anunciado publicamente compromisos co Concello de Viveiro que en boa parte foron incumpridos.

A situación abocou á corporación municipal a aprobar unha moción de censura e, nesas datas, o Presidente da Deputación D. José Tomé, desprazouse ao municipio de

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	16/24	



Viveiro a comprometer un apoio ao Concello cifrado en 1 millón de euros de investimentos, máis de tres meses despois segue sen chegar aos viveirenses.

Entendemos que, por suposto, esa axuda anunciada polo Presidente non era para parar unha moción de censura, senón para axudar ao Concello e aos seus veciños. Non se entendería que prometése o apoio condicionado a se continuaba a ser alcaldesa a señora María Loureiro porque iso suporía recoñecer que o goberno da Deputación de Lugo fai un uso sectario ou partidista dos fondos públicos da institución provincial.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao equipo de goberno provincial a:

- 1.- Executar o ofrecemento público do Presidente da Deputación D. José Tomé consistente en investimentos por valor de 1M€ no Concello de Viveiro.
- 2.- Garantir que a institución provincial continuará a cumprir coa súa competencia de cooperación cos Concellos de menos de 20.000 habitantes tanto para apoiar ao Concello de Viveiro como aos demais concellos da Provincia de Lugo con criterios de transparencia e igualdade”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Sr. Presidente D. José Tomé Roca, e dos/as señores/as deputados/as D^a. María del Pilar García Porto, D. Pablo Rivera Capón, e D^a. Marisol Morandeira Morandeira, representantes do Grupo Provincial Socialista, e da señora Deputada dona Iria Castro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, acorda ditaminar favorablemente a moción presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación, se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos/as señores/as deputados/as do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=8>

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

9.- DACIÓN DE CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO RELATIVOS Á MODIFICACIÓNS/SUBSTITUCIÓNS DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	17/24	

DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2024, POLOS CONCELLOS DE GUITIRIZ E SAMOS.

Aos efectos do previsto nas bases do Plan Deputación 2024, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 14 “... Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificadas, o Concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente, poderá solicitar o reformado/modificado do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria, no caso de que se substitúan investimentos.....” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de data 25/04/2025 en relación cos escritos presentados polas Alcaldías dos Concellos de Guitiriz e Samos, solicitando a substitución/modificación de investimentos incluídos inicialmente no Plan Deputación 2024, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=9>

10.- DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA A 31 DE MARZO DE 2025.

O Pleno da Corporación queda enterado da información económica a 31 de marzo de 2025.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=10>

11.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2025 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

Dáse conta do informe do primeiro trimestre de 2025 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=11>

12.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 31 DE MARZO DE 2025 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2025.

	IV7SEKICGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKICGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	18/24	



O Pleno da Corporación queda enterado do informe de avaliación do cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e suestabilidade financeira a 31 de marzo de 2025 e previsións a 31 de decembro de 2025.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=12>

13.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DO MES DE XANEIRO RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014.

Dáse conta do informe do mes de xaneiro relativo ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=13>

14.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un ao trinta de abril de dous mil vinte e cinco, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1610 ao 2248. O Pleno da Corporación queda enterado.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=14>

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=15>

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que foron presentados dous Rogos e dúas Preguntas por parte do Grupo Provincial Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

Primeiro.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, relativo ao complexo turístico de Augasmestas, do seguinte teor:

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	19/24	

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O complexo turístico-recreativo de Augas Mestas construído en Quiroga no ano 1996 é un claro exemplo de políticas pioneiras en materia de turismo e posta en valor do territorio da Ribeira Sacra e do xeparque mundial da UNESCO Montañas do Courel.

Esta área esténdese nunha superficie de case 10 hectáreas con varias zonas diferenciadas: o edificio principal -con servizo de cafetería e vestiarios-; o edificio de recepción; zona de acampada e espazo para autocaravanas; catro *bungalows* de madeira; outras tres edificacións para aloxamentos para o inverno; dúas piscinas (para adultos e para nenos) e embarcadoiro para o acceso de embarcacións ao río.

Pero tamén é un claro exemplo do abandono do patrimonio provincial por parte do goberno da Deputación de Lugo. As instalacións levan 18 anos pechadas e abandonadas. Incluso foron obxecto de actos vandálicos e saqueos.

A pesar das obras realizadas no 2015 e a concesión do servizo, non chegou a poñerse en marcha. O Grupo Provincial Popular ten demandado o seu arranxo e posta en funcionamento en varias ocasións. Incluso o goberno provincial se comprometía no ano 2020 a que estivera en marcha durante o 2021. Máis recentemente, o goberno provincial anunciaba, previo á súa adxudicación, unha reforma para a que prevé unicamente 100.000 euros.

Non só o complexo está abandonado e sen actividade perdendo a oportunidade de dinamizar a zona dende o ámbito turístico e económico; senón que o goberno da Deputación de Lugo se esquece de Augas Mestas no programa de rutas fluviais e tampouco autoriza o uso do embarcadoiro para o seu uso por parte de asociacións e colectivos interesados en poñer en valor o entorno onde se xuntan as augas dos ríos Lor e Sil.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo axilice os trámites para a posta en funcionamento do complexo de Augas Mestas, en Quiroga, e que permita o uso do seu embarcadoiro a colectivos, asociacións ou entidades públicas ou privadas co obxectivo de favorecer a dinamización turística e económica do entorno da Ribeira Sacra e do xeparque mundial da UNESCO Montañas do Courel”.

	IV7SEKIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	20/24	



Segundo.- Presentado polo Grupo Provincial Popular, en relación coa lectura do pregón da feira de produtos do campo da Milagrosa, que textualmente di o seguinte:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte rogo:

O pasado venres 23 de maio, durante a lectura do pregón público da feira de produtos do campo da Milagrosa, a dúas concelleiras do Concello de Lugo foilles vetada a entrada ao salón de actos onde estaba previsto o seu desenvolvemento por parte dun representante da Federación Veciñal por ser representantes do Partido Popular.

É incomprensible que se exclúa dun acto público a calquera persoa, xa sexa representante dunha institución pública ou non, por motivos ideolóxicos ou de afiliación política vulnerando os dereitos e liberdades amparados pola Constitución Española nos artigos:

Art. 14: “Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

Art. 23:

1. “Os cidadáns teñen o dereito a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente elixidos en eleccións periódicas por sufraxio universal”.

2. “Así mesmo, teñen dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos que sinalen as leis”.

É, polo tanto, inconcibible que os representantes dos gobernos do Concello e da Deputación de Lugo non se manifestaran en relación a este tipo de discriminación cando, como representantes de partidos democráticos, deberan condenar este tipo de actuacións de forma inmediata e contundente.

Á vista do exposto, o Grupo Provincial Popular solicita ao goberno provincial que:

A Deputación de Lugo condene este tipo de condutas discriminatorias e retire calquera tipo de axuda, apoio ou financiamento público a calquera asociación ou entidade que discrimine nos seus actos públicos a persoas pola súa ideoloxía, afiliación política, raza, sexo ou relixión”.

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	21/24	

PREGUNTAS

Primeira.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa a cobramento de taxa polo servizo de bombeiros, do seguinte teor:

“Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

A canalización da drenaxe da estrada provincial LU-P-3103 rompeu o 1 de xaneiro de 2023 á altura da Escola de Santa María Maior, en Mondoñedo, provocando a inundación dunha vivenda situada a escasos metros así como danos noutras propiedades e, incluso, na propia vía; unha situación que se volveu repetir en máis ocasións nas que se rexistran fortes choivas na zona.

Tanto o Concello a través de distintos escritos, coma os propios veciños a través dunha recollida de firmas e este mesmo grupo lle teñen solicitado ao goberno da Deputación de Lugo reparar a canalización tendo en conta a necesidade de incrementar a capacidade das tubaxes, así como reparar os danos causados ao firme da estrada e levar a cabo un mantemento axeitado das cunetas para que non se repitan de novo situacións similares.

O 31 de outubro de 2023 preguntabamos ao goberno provincial polas xestións realizadas para a súa reparación e o 28 de xaneiro deste ano 2025, dous anos despois da rotura, pediamos ao goberno provincial que atendese a reclamación realizada polos veciños e veciñas a través dunha recollida de firmas.

O propio presidente, D. José Tomé, aseguraba entón que *“evidentemente ao señor haberá que darlle algunha solución, porque máis alá de quen teña a culpa, que lle pase un tubo de auga pluvial por debaixo da vivenda, pois, non parece o máis normal do mundo...”*.

A situación non só segue sen corrixirse, senón que deriva no progresivo deterioro da vía provincial debido ao desbordamento da auga pola vía xa que non dispón de cunetas debidamente acondicionadas ni canalizacións adecuadas ou obras de drenaxe transversal.

E, ademais da inacción do goberno provincial neste asunto; chama a atención que recentemente o propietario da vivenda afectada pola inundación o 1 de xaneiro de 2023 reciba unha notificación para pagar 361 euros de taxas polo servizo do bombeiros do parque comarcal do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, dependente da propia Deputación de Lugo,

	IV7SEKICGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKICGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	22/24	



nunha emerxencia orixinada precisamente polo desbordamento das canalizacións de augas pluviais e drenaxe da citada estrada provincial.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:

Considera normal ou lóxico o goberno provincial e, concretamente, o Presidente do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, pasar o cobro dunha taxa polos servizos dos bombeiros do Consorcio Provincial, dependente da propia Deputación de Lugo, ao propietario dunha vivenda inundada pola rotura e os defectos da canalización das augas de drenaxe da estrada LU-P-3103 en Santa María Maior, Mondoñedo, que tamén é de titularidade provincial?”.

Segunda.- Presentada polo Grupo Provincial Popular, relativa á reparación do paseo do Rato, que textualmente di o seguinte:

Antonio Ameijide Osorio, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación provincial, a seguinte pregunta

A borrasca Oliver anegou a cidade de Lugo con auga e pedrazo o venres 11 de abril desencadeando, entre outros incidentes, a crecida do nivel do río Rato que, á súa vez, provocou danos no paseo e nas pasarelas e estruturas de madeira.

O martes 15 de abril o presidente da Deputación de Lugo, D. José Tomé, visitaba o paseo acompañado polo alcalde do Concello de Lugo e tamén deputado provincial, D. Miguel Fernández. Nese momento, a Deputación anunciaba a solicitude dunha intervención de emerxencia á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e a elaboración dunha memoria técnica sobre as actuacións necesarias.

Vanse cumprir 6 semanas dende entón e o goberno provincial non anunciou publicamente aínda ningunha actuación na zona para corrixir os danos repoñendo os elementos precisos para garantir a seguridade dos usuarios e coidando o entorno co máximo respecto ao medio ambiente.

Á vista do anteriormente exposto, este grupo formula a seguinte pregunta:
Cando está previsto que comecen as actuacións de reparación e mellora do paseo do Rato?”

<http://videoactas.deputacionlugo.org?pleno=20250527&punto=16>

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO				
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ		Página	23/24	

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

	IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Fecha y Hora	30/05/2025 13:19:05	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7SEKCIGB6L4VELSMXUOUAGEQ	Página	24/24	